



CONCELLO DE OZA-CESURAS

DEPARTAMENTO DE MEDIO AMBIENTE

COMO FACER UNHA TRAMPA CASEIRA PARA CAZAR REINAS DE VESPA VELUTINA (De marzo a maio exclusivamente)

RECEITA para 1,5 litros (Da para facer unhas 7 ou 8 trampas).

1 litro de zumo de arándano

½ litro de viño branco

4 cucharadas de vinagre

1 gota de deterxente tipo "fairy", "mistol" ou similar

TRAMPA:

- Nunha botella de refresco grande facer dous buratiños a cada lado na parte alta da botella. Por esos buratiños será por onde entre a Velutina.
- Poñer na botella un pouco do líquido que acabamos de preparar (¼ de litro é suficiente, ou incluso algo menos)
- As velutinas teñen preferencias polas camelias, naranxos, limoeiros... así que si podes colgar a botella preto destas árbores seguro que conseguirás maior efectividade na túa trampa.
- Podes renovar o líquido da túa trampa cada 10 ou 15 días.

OUTRA INFORMACIÓN UTIL SOBRE A VESPA VELUTINA

- As reinas fan os niños primarios entre marzo e maio. Son pequenos e blanquecinos. Cada niño que se saque evitará uns 50 niños grandes no verán. É MOI IMPORTANTE QUE AVISES SI OS VES

- A velutina non ve de noite e tampouco ve a luz vermella. Si por algún motivo tiveses que achegarte ou manipular un niño de velutina é mellor que sexa de noite e que utilices luz e roupa de cor vermella.

- Si vas a traballar ó monte convén que leves un SPRAY INSECTICIDA que podas usar como defensa no caso de ataque dun enxamio.

**SI TES DÚBIDAS PODES CONSULTAR NO DEPARTAMENTO DE MEDIO AMBIENTE
OS LUNS E MÉRCORES DE 11 h a 14 h ou podes chamar ó Teléfono 012.**